



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Página 1 de 10

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión de data.....

Bueu, dede 2014

A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

PREGO DE CONDICIÓN QUE REXE O ALLEAMENTO MEDIANTE COMPRAVENDA POLO PROCEDEMENTO ABERTO E FORMA DE POXA PÚBLICA Á ALZA COMO CHATARRA DE DIVERSOS VEHÍCULOS MUNICIPAIS (2014).

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO DO CONTRATO

CLÁUSULA 2ª.- DURACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 3ª.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ALLEAMENTO

CLÁUSULA 4ª.- TIPO DE LICITACIÓN E IMPORTE DE ADXUDICACIÓN

CLÁUSULA 5ª.- GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA

CLÁUSULA 6ª.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

CLÁUSULA 7ª.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS

7.1. LUGAR, PRAZO DE PRESENTACIÓN E PERFIL DO CONTRATANTE

7.2. FORMA DE PRESENTACIÓN

7.3. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN: DOCUMENTACIÓN

7.4. VINCULACIÓN DO LICITADOR AO PRESENTE PREGO

CLÁUSULA 8.- MESA DE CONTRATACIÓN

CLÁUSULA 9.- APERTURA DE PROPOSICIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

CLÁUSULA 10.- CRITERIO DE ADXUDICACIÓN

CLÁUSULA 11 .- REQUISITO A OFERTA ECONÓMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA

CLÁUSULA 12.- ADXUDICACIÓN E REQUISITO PREVIO Á SINATURA DO CONTRATO

CLÁUSULA 13.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 14.- GASTOS A CARGO DO ADXUDICATARIO

CLÁUSULA 15.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

CLÁUSULA 16.- TRANSMISIÓN DE PROPIEDAD

CLÁUSULA 17.- CAUSAS DE EXTINCIÓN

CLÁUSULA 18.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 19.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

ANEXO I.- DESCRIPCIÓN DOS VEHÍCULOS OBXECTO DA POXA PÚBLICA



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión de data.....

Bueu, dede 2014

A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

PREGO DE CONDICIÓNS QUE REXE O ALLEMENTO MEDIANTE COMPRAVENDA POLO PROCEDEMENTO ABERTO E FORMA DE POXA PÚBLICA Á ALZA COMO CHATARRA DE DIVERSOS VEHÍCULOS MUNICIPAIS (2014).

Cláusula 1ª.- Obxecto do contrato.-

O presente prego ten por obxecto fixar o procedemento e condicións para a venda polo Concello de Bueu mediante compravenda por poxa pública á alza e como chatarra dos vehículos de propiedade municipal, non aptos para a circulación, almacenados en diversos depósitos e nas condicións legais para a libre disposición a tal fin, no xeito detallado no anexo I a este prego.

A venda farase en concepto de corpo certo como chatarra, tal e como se atopen os vehículos a data de venda, polo que non caberá reclamación porque nalgún destes vehículos falten pezas, existan elementos deteriorados, non poidan circular ou non esten en correcto estado de uso ou conservación, dado que están obsoletos ou deteriorados polo uso.

Os licitadores poderán ver e examinar os vehículos e os elementos que o integran e non fará ningunha reclamación, nin terá dereito a ningunha indemnización polo estado no que se atopan.

Estes pregos teñen carácter contractual, e as súas cláusulas forman parte do contrato a efectos da súa esixencia entre as partes. A presentación das ofertas polos licitadores presume a aceptación plena e non suxeita a condicións das cláusulas contractuais que se inclúen neste prego.

Cláusula 2ª.- Duración do contrato.-

Extenderase dende a data seguinte á de formalización do contrato ata a retirada definitiva da totalidade dos vehículos obxecto do contrato privado de alleamento dos diferentes depósitos municipais, previo cumprimento das formalidades previstas no presente prego.

Cláusula 3ª.- Procedemento e forma de alleamento.-

Mediante licitación pública aberta, cun único criterio de adxudicación: o prezo base de licitación á alza (poxa pública), consonte o disposto nos arts. 80 do Real decreto legislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 277.1 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia e 138, 150 e concordantes do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP),.

Cláusula 4ª.- Tipo de licitación e importe de adxudicación.-

Sínálase como tipo de licitación para este contrato 2080 euros, que inclúe a valoración como chatarra dos vehículos, de acordo co informe técnico emitido no senso detallado no anexo I do presente prego.

No prezo non se inclúe os tributos que legalmente se teñan que aboar.

En principio o prezo do obxecto do contrato non está suxeito a IVE, de acordo co regulado no artigo 84.2.c) da Lei 37/1992, non obstante, si por calquera causa se suxeita a este tributo asumiráo o contratista.

O tipo mínimo de licitación constitúe o valor de mercado como chatarra dos vehículos.

O prezo do contrato será o que oferte o licitador que non pode ser inferior o tipo mínimo de licitación.

Será importe de adxudicación a cantidade na que finalmente se adxudiquen como chatarras os vehículos en función da oferta que realice o adxudicatario.

Se na licitación non se presentan ofertas, ou no caso de que as presentadas non alcancen dito tipo mínimo, declararase deserta e non se producirá adxudicación ningunha.

Cláusula 5ª.- Garantía provisional e definitiva.-

Non se esixe garantía provisional e definitiva pola natureza do contrato, dado que non se considera necesario para garantir ningunha obriga especial tanto previamente como posteriormente a este contrato.

Cláusula 6ª.- Capacidade para contratar .-

Poderán presentarse á licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar e non se atopen incluídas en ningunha das causas de prohibición para contratar enumeradas no artigo 60 do Real decreto legislativo 3/2011, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).

Poderán presentarse á licitación varias empresas co compromiso de constituirse en Unión temporal de empresas (UTE), de acordo co disposto no artigo 48 do TRLCSP e os preceptos que o desenvolven.

Cláusula 7ª.- Presentación de ofertas.-



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión de data.....

Bueu, dede 2014

A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

7.1. Lugar, prazo de presentación e perfil do contratante.

As proposicións para poder tomar parte no procedemento aberto presentaranse no Rexistro Xeral do concello sito na planta baixa da Casa Consistorial, dentro do prazo de VINTESEIS (26) DÍAS NATURAIS contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do contrato no B.O.P., sen perxuízo da publicación do correspondente anuncio no perfil do contratante nos termos esixidos no art. 142 do TRLCSP e no taboleiro de anuncios da casa consistorial, en horas de oito a catorce, de luns a venres, e de nove trinta a trece horas, os sábados, e en DOUS (02) SOBRES PECHADOS, que deberán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na presente cláusula.

Cando as proposicións se envíen por correo, o interesado deberá xustificar a data de imposición do envío nas Oficinas de Correos e anunciará a remisión da súa oferta ao órgano de contratación, no mesmo día, mediante télex, fax ou telegrama remitido ao número do Departamento de secretaría (fax núm. 986 322 099). Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado na invitación.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

A presentación da proposición ou solicitude de participación supón a aceptación incondicionada polo interesado do contido da totalidade das cláusulas ou condicións deste prego, sen salvedade ou reserva algunha.

En cada un dos sobres figurará externamente o NOME DO LICITADOR e, no seu caso, do REPRESENTANTE, DOMICILIO SOCIAL, TELÉFONO, CORREO ELECTRÓNICO e FAX, a efectos de comunicación, así como o TÍTULO DO PROCEDIMENTO, e incluírá a documentación que se indica no apartado 7.2.

Ao perfil do contratante accedese dende a páxina web do concello de Bueu (www.concellodebueu.org)

7.2. Forma de presentación.-

Os licitadores presentarán dous sobres pechados, denominados sobre A e B. Ditos sobres estarán asinados polo licitador ou persoa que o represente e conterán a documentación e requisitos sinalados na presente cláusula. Na súa parte exterior deberá figurar, claramente, o obxecto do contrato co título que lle corresponda, os datos identificativos do licitador (nome ou denominación social; NIF;CIF; o enderezo do licitador, núm. de teléfono, fax e, no seu caso, e correo electrónico. No suposto de presentar a proposición unha persoa en representación do licitador deberá quedar axeitadamente identificada no exterior do sobre co seu nome e DNI

7.3. Presentación de proposicións: documentación

A) Sobre A: documentación administrativa: levará por título *“Documentación administrativa que se presenta para tomar parte no procedemento convocado polo Concello de Bueu para o alleamento mediante compravenda polo procedemento aberto e forma de poxa pública á alza como chatarra de diversos vehículos municipais (2014)”*, coa identificación no exterior do procedemento aberto á que se pretende optar.

A documentación que deberá conter este sobre é a seguinte:

a) - Documentos que acrediten a capacidade de obrar do licitador:

a.1.- Se se trata dunha persoa física, o licitador presentará unha fotocopia do documento de identidade ou do documento que o substitúa válidamente a efectos de identificación.

a.2.- No caso de persoas xurídicas:

a.2.1.) A escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro mercantil, cando este requisito fora esixible segundo a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora o licitador presentará a escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se cadra, no correspondente rexistro oficial.

a.2.2.) Unha fotocopia do número de identificación fiscal (NIF).

a.3.- En ambos casos, tanto persoas físicas como xurídicas, os licitadores deberán acreditar que son xestores autorizados destes residuos e que dispón de autorización como “CENTRO DE TRATAMENTO DE VEHÍCULOS FORA DE USO”

b).- Documento que acredite as facultades de representación



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión de data.....

Bueu, dede 2014

A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

c).- Verificación de poderes

Os poderes a que se refire o apartado b) da presente cláusula, deberaos bastantear previamente a Secretaría do Concello. Admitiranse os bastanteos de poderes efectuados por avogado do Estado ou asesorías doutras Administracións públicas, ou avogado en exercicio, debendo neste último caso xustificar a súa colexiación .

A achega da mera dilixencia de bastanteo do documento de apoderamento poderá suplir a aportación deste, sempre que tal dilixencia identifique perfectamente ao representante, representado, escritura de apoderamento e que as facultades que se lle confiren son bastantes para o contrato, ou contratos, en cuestión.

A presentación do poder, ou da dilixencia de bastanteo do mesmo nos termos expostos, suporá, aos efectos do art. 1733 e concordantes do Código Civil, expresa declaración de non terle sido revogado con fecha posterior .

d).- Non concorrencia de causas de incompatibilidade ou prohibición

Declaración responsable de que o licitador interesado non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146 e 60 do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

“D./D^a....., con DNI n^o.....e domicilio, a efectos de notificación, en.....provincia de.....rúa..... n^o.....en nome propio/ ou en representación da empresa á que representa no procedemento aberto de compravenda por poxa pública á alza e como chatarra dos vehículos de propiedade municipal....., convocado polo Concello de Bueu

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c) do TRLCSP.

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

(Lugar, data e sinatura do proponente)”“.

No caso de UTE a declaración efectuaráse, respecto de cada empresa, por cada un dos representantes da mesma, debidamente apoderado.

e).- Requisitos de solvencia económica e financeira

Poderá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios, a elección do órgano de contratación:

- i. Volumen anual de negocios, ou ben volumen anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, por importe igual ou superior ao tipo mínimo de licitación que constitúe o valor de mercado como chatarra dos vehículos.
- ii. No suposto de persoa xurídica, o patrimonio neto, ou ben ratio entre activos e pasivos, ao peche do derradeiro exercicio económico para o que esté vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual ou superior ao tipo mínimo de licitación que constitúe o valor de mercado como chatarra dos vehículos.

f).- Os que xustifiquen os requisitos de solvencia técnica.

Poderá acreditarse mediante a totalidade dos seguintes medios:

- Dispor dun centro ou instalación autorizada de tratamento para a descontaminación dos vehículos e cumprir a totalidade dos requisitos esixidos no Real decreto 1383/2002 ou compromiso suscrito por centro autorizado para levar a cabo o tratamento esixido na norma de referencia.
- Certificado, no seu caso, de inscrición no rexistro industrial correspondente.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión de data.....

Bueu, dede 2014

A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

- Certificación ou recibo acreditativo do pago do Imposto de Actividades Económicas (IAE) correspondente á actividade concreta sobre a que se oferta, xunto cunha declaración responsable asinada polo licitador na que se faga constar que non se deu de baixa na matrícula do citado imposto. Para o caso de estar exento conforme ao artigo 82-Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acreditarase esta circunstancia por mera comunicación escrita se se trata de persoas físicas, en no caso de persoas xurídicas, achegando ben o modelo 201 do Imposto de Sociedades do último exercicio presentado na Delegación do Ministerio de Facenda correspondente, ou ben, acompañando comunicación da cifra de negocios regulada na Orde HAC/85/2003, do 23 de xaneiro.

g) - Unións temporais de empresas

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adjudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP .

Engadirase a xustificación da personalidade xurídica de cada empresa, segundo o sinalado no epígrafe a) da presente cláusula. A totalidade das declaracións e proposicións ou ofertas deberán de ser asinadas por todos os representantes, especificando que o fan en canto parte dunha UTE, debidamente apoderados mediante escritura bastanteada. Non obstante, agás a declaración responsable de non atoparse incurso en prohibición para contratar, as proposicións e demais documentos a nome da UTE poderán ser subscritos polo apoderado único referido no art. 59.2. do TRLCSP , de xa nomearse, en cuxo caso achegarase o poder bastanteado deste.

h) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

Os licitadores presentarán o seguinte documento:

"D/Dª _____, no seu propio nome (ou na representación da empresa _____),
acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que realice o Concello de Bueu, se realicen
mediante o seu envío ao fax núm. _____ ou ao correo
electrónico _____

En _____, a _____ de _____ de 2014

Selo e sinatura do licitador, "

i) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

B) Sobre B: proposición económica: I

Incluirá a proposición económica consosnte o modelo establecido na presente cláusula que contén as determinacións precisas para determinar o prezo do contrato. Levará por título "*Proposición económica que se presenta para tomar parte no procedemento convocado polo Concello de Bueu para o alleamento mediante compravenda polo procedemento aberto e forma de poxa pública á alza como chatarra de diversos vehículos municipais (2014)*" e conterà a oferta económica que o licitador dirixa ao Concello, que se axustará estrictamente ó seguinte modelo:

"D./Dª _____, maior de idade, en posesión plena da súa capacidade de obrar, co meu enderezo en _____, e DNI núm. _____, teléfono número _____, actuando en nome propio (ou no seu caso en representación de _____, segundo acredito por medio de _____ (identificar o instrumento no

que se acredita a representación, data da escritura, fedatario que intervén, núm. de protocolo), informado da licitación do contrato de compravenda mediante procedemento aberto e forma de poxa pública á alza como chatarra de diversos vehículos municipais (2014), declaro e manifesto baixo a miña responsabilidade o seguinte:

a) *Que acepto tomar parte na indicada licitación de acordo coas condicións previstas polo Concello de Bueu.*

b) *Coñezo e acepto de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas particulares que rexon a contratación e que forman parte daquel, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos no documento indicado, sen excepción.*



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión de data.....

Bueu, dede 2014

A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

c) Que ofrezco ao Concello de Bueu por adquirir como chatarra os vehículos detaiado no anexo I dos pregos de cláusulas administrativas reguladoras da contratación polo prezo de euros (letra e número) (tributos excluídos) .

b) Que me comprometo a pagar as cantidades que correspondan por adquirir estes vehículos como chatarra nos termos sinalados nos pregos.

c) Que me comprometo a manter a oferta durante un prazo dun mes .

Lugar, data e sinatura ."

En caso de discordancia entre a cantidade consignada en cifras e a consignada en letra, prevalecerá ésta última. Non serán aceptadas aquelas proposicións que conteñan omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer claramente todo aquilo que a Administración municipal estime fundamental para a súa oferta.

NOTA: O licitador poderá presentar a documentación esixida mediante orixinais ou mediante copias destes debidamente validados, ben por Notario ou ben compulsados por funcionare desta Administración habilitado para o efecto e deberán vir redactados en lingua castelán ou galego. A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial ao galego ou castelán, en senso contrario, nos será tida en conta

7.4 Vinculación do licitador ao presente prego.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que se reunen todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

O feito de presentar unha proposición para a poxa á alza constitúe o licitador na obrigaón de cumprir o contrato que lle fose adjudicado .

Cláusula 8.- Mesa de contratación.-

1. O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación que será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e actuará conforme ao previsto no Real Decreto 817/2009, desenrolando as funcións previstas no mesmo.

A Mesa de Contratación estará constituída polos seguintes membros:

- O Sr. Alcalde-Presidente
- O Sr. Concelleiro delegado de economía e facenda.
- O Interventor do Concello.
- A Secretaria do Concello.
- O Arquitecto Técnico Municipal

Actuando como secretaria da Mesa de Contratación, a Xefa do Negociado de Secretaría do Concello.

De conformidade co manifestado no artigo 21.4 do RO 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, a composición dos membros da mesa de contratación deberá publicarse no perfil do contratante cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación xeral á que fai referencia o artigo 146.1 do TRLCSP.

2.- A Mesa poderá constituírse validamente coa asistencia, cando menos, do seu Presidente, Secretario e da metade dos seus membros, entre os que deberán de encontrarse, necesariamente, os vogais en funcións de Asesoría Xurídica e Intervención. No curso das súas funcións poderá pedir os informes e asesoramentos que estime convenientes.

Cláusula 9.- Apertura de proposicións e proposta de adjudicación.-

Dentro dos tres días hábiles seguintes ao de terminación do prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación calificará previamente os documentos presentados en tempo e forma, a cuxo efecto o Presidente ordenará a apertura dos sobres A e o Secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles. Se a Mesa observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada o comunicará por correo electrónico aos interesados e o anunciará no taboleiro de anuncios do concello, concedendo un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou subsanen.

Aos efectos establecidos nos artigos 54 a 64 y 82 del TRLCSP, a Mesa e o órgano de contratación poderán recadar do empresario aclaracións sobre os documentos presentados ou requerirle para a presentación doutros complementarios.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión de data.....

Bueu, dede 2014

A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

A Mesa, unha vez calificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección fixados neste prego, con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

O acto público de apertura dos sobres que conteñan as proposicións económicas (sobre B) terán lugar no salón de plenos da casa consistorial, ás 12 horas do quinto día hábil seguinte ao da terminación do prazo sinalado para a presentación de ofertas. Se este día caera en sábado, trasladarase ó inmediato hábil seguinte.

Con anterioridade ao momento da apertura, o Presidente dará conta do resultado da calificación da documentación xeral presentada, e seguirá a apertura das proposicións admitidas, dándose lectura delas.

A Mesa, á vista das proposicións e demais circunstancias que haxan de terse en conta e en atención aos informes técnicos e asesoramentos que estime oportuno solicitar, valorará as distintas proposicións presentadas, clasificándoas en orde decrecente de valoración e propondrá ao órgano de contratación a adjudicación a favor do licitador que ofrezca o prezo máis alto para a Administración. A proposta da mesa non crea dereito algún a favor do licitador proposto mentres non se formaliza o contrato de compravenda. A mesa poderá propoñer ao órgano de contratación que declare deserto a poxa á alza de estimar que ningunha das ofertas presentadas se axusta aos requisitos esixidos.

Cláusula 10.- Criterio de adjudicación.-

O único criterio de adjudicación é o prezo.

Aquelas ofertas que presenten o prezo máis alto serán as que resulten adjudicatarias do presente contrato .

Cláusula 11 .- Requirimento a oferta economicamente máis vantaxosa.-

1.- Feita a proposta pola mesa, e de acordo con esta sempre que non sexa contraria ao ordenamento xurídico, o órgano de contratación requirirá ao licitador que houbese presentado a oferta economicamente máis vantaxosa (prezo máis alto) para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que houbese recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

a) Ter aboado o importe dos anuncios de licitación en cumprimento da abriga imposta na cláusula 14 deste prego.

b) A documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas abrigas tributarias e coa Seguridade Social.

2.- O incumprimento dos requisitos indicados nesta cláusula impedirá a adjudicación e formalización do contrato e dará lugar á abriga de indemnización do contratista polos danos e perdas a este Concello, que se calculan nun 3% do tipo de licitación. Así mesmo, o Concello entenderá que ese comportamento supón a retirada da súa oferta polo licitador, procedéndose a recabar a mesma documentación do seguinte licitador que houbese presentado o prezo máis alto.

Cláusula 12.- Adjudicación e requisito previo á sinatura do contrato.-

1.- Dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación precisada no artigo anterior, o órgano de contratación deberá ditar resolución de adjudicación do contrato .

2.- O órgano de contratación deberá adjudicar o contrato de compravenda o licitador no prazo de tres (03) meses a contar desde a data de apertura das ofertas .

3.- O órgano de contratación poderá declarar deserto a poxa se considera que ningunha das ofertas presentadas cumpre cos requisitos necesarios para a adjudicación .

4 .-Para poder formalizar o contrato o adjudicatario deberá , no prazo de 5 días hábiles a contar desde que se notifique a adjudicación do contrato, ter aboado ao Concello o prezo do contrato ofertado polo licitador.

Cláusula 13.- Formalización do contrato.-

1.- O Concello e o contratista formalizarán a concesión en documento administrativo dentro dos 10 días hábiles seguintes ao de notificación da adjudicación. Non obstante o anterior, dito contrato administrativo poderá elevarse a escritura pública a solicitude do contratista e a súa costa.

2.-A falta de formalización do contrato por causas imputables ao contratista constituirá un incumprimento do contratista dará lugar á abriga de indemnización do contratista polos danos e perdas a este Concello, que se calculan nun 3% do tipo de licitación.

Cláusula 14.- Gastos a cargo do adjudicatario.-



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión de data.....

Bueu, dede 2014

A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

Serán de conta do adxudicatario os seguintes gastos :

- 1.-O importe dos gastos derivados da publicación dos anuncios de licitación nos diarios e boletíns oficiais.
- 2.-Os tributos estatais, municipais e rexionais que deriven do contrato e que recaigan sobre o prezo do contrato, incluído os que sexan necesarios para dar de baixa definitiva os vehículos e para o destino a chatarra destes (a título indicativo e non excluínte, gastos derivados do movemento dos vehículos, chatarra, colocación e retirada no seu caso de contenedores para o seu depósito, troceado, traslado, carga, descarga, etc).
- 3-Os de formalización pública do contrato de adxudicación, de ser o caso .
- 4-Os gastos de conservación, mantemento, traslado, carga, descarga e manipulación dos vehículos.
- 5-Os gastos palas baixas definitivas dos vehículos .
- 6.-Calesquera outros que deriven do presente prego ou sexan esixibles de conformidade coa normativa vixente en cada momento.

Cláusula 15.- Obrigas do adxudicatario.-

1.-Pago do prezo.

O importe do prezo que o adxudicatario aboará ao Concello será o ofertado polo adxudicatario e deberá de realizarse no prazo de 5 días hábiles a contar dende que se notifique a adxudicación do contrato. En todo caso deberá de pagarse con carácter previo á formalización do contrato, mediante transferencia bancaria ao número de conta facilitado nos servizos administrativos da Tesourería municipal, debendo xustificar a transferencia correspondente en dito prazo.

O pago dos tributos que no seu caso, legalmente e regulamentaria correspondan farase cando corresponda conforme a normativa vixente e que permita cumprir os prazos sinalados neste prego.

2.- Outras obrigas:

Ademais da obriga establecida no apartado anterior, o contratista terá as seguintes obrigas:

2.1.- O adxudicatario deberá recoller e trasladar a súa custe os vehículos no prazo máximo de 15 días, contados a partir do día seguinte a formalización do contrato en documento administrativo. Os vehículos recolleranse no lugar que determine o Concello de Bueu.

A estes efectos, un técnico municipal asinará xunto o contratista un acta de entrega dos vehículos co seguinte contido mínimo:

- Lugar, data e hora da entrega da entrega
- Identidade das persoas que intervéñen na entrega
- Descrición detallada dos vehículos e material entregado

Se o contratista se retrasa na recollida e retirada dos vehículos, os gastos de conservación e mantemento será a custa deste, obrigándose o contratista a aboar ao Concello unha penalización diaria de 25 euros por cada día de retraso na recollida .

Se o contratista se retrasa máis de 1 mes na recollida dos vehículos, establececese expresamente esta circunstancia como causa de resolución por causa imputable ao contratista, e o Concello previa comunicación por escrito ao contratista dará por resolto o contrato, producindo os seguintes efectos :

- a.- O Concello quedarase coas cantidades pagadas como chatarra dos vehículos en concepto de indemnización polos danos e perdas.
- b.- O Concello recuperará a plena propiedade dos vehículos que se allean como chatarra .

2.2.- O contratista antes da recollida dos vehículos, deberá facilitar ao Concello, no seu caso, a documentación de solicitude de baixa dos vehículos , de acordo coa normativa vixente en cada momento, para que sexa cuberto por este . O mesmo día en que se entreguen os vehículos mediante a acta que suscribirá un técnico do Concello de Bueu e o contratista, farase constar nesta, que o Concello lle entregou a documentación de solicitude de baixa dos vehículos debidamente cubertos, nos supostos nos que o concello non teña tramitada a baixa do vehículo nos rexistros correspondentes.

2.3.- No caso de que non houbera sido dado de baixa o vehículo na Dirección Xeral de Tráfico, deberá tramitar a baixa definitiva do vehículo na citada Dirección Xeral no prazo máximo de 15 días a contar dende a sinatura do contrato.

2.4. O contratista obrigase, nun prazo máximo de 1 mes, a contar dende a data da sinatura do contrato, a entregar ao Concello:



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión de data.....

Bueu, dede 2014

A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

a- O certificado de destrución dos vehículos que se relacionan no anexo I deste prego co cumprimento das obrigas que resulten do Real decreto 1383/2002 de 20 de decembro e demais normativa de aplicación.

b- No seu caso, o xustificante da baixa definitiva da Dirección Xeral de Tráfico indicativo de que os vehículos déronse de baixa definitiva no Rexistro de Vehículos dese organismo.

2.5.- Deberá destinar os vehículos que se allean como chatarra á chatarra e respostos usados, prohibíndose a súa posterior utilización e circulación, asumindo o adxudicatario a responsabilidade polo incumprimento desta condición.

No momento en que o Concello entregue os vehículos, toda a responsabilidade deles pasa a exclusiva responsabilidade do contratista.

2.6.- O contratista estará abrigado a cumprir toda a normativa vixente en materia de eliminación de chatarras, vehículos ou restos dos mesmos, especialmente a normativa medioambiental que en cada momento este en vigor.

2.7.- Calquera outra obriga que dispoña a normativa vixente en cada momento.

Cláusula 16.- Transmisión de propiedade.-

A propiedade dos vehículos como chatarra producirase cando se asine a acta de entrega entre o técnico municipal e o contratista, previa sinatura do correspondente documento administrativo.

O único que se transmite en propiedade é a chatarra que implican os vehículos, dado que non poden ter outro uso.

Cláusula 17.-Causas de extinción.-

O contrato extinguirase pelas causas seguintes:

a). Polo cumprimento, o que implica que o adxudicatario ten cumprido con tódalas obrigas establecidas neste prego.

b). Por resolución, de acorde co disposto nas seguintes cláusulas e no ordenamento xurídico.

Cláusula 18.- Causas de resolución do contrato.-

1.- O contrato resolverase se concorre algunha das causas establecidas no ordenamento xurídico así como pelas causas seguintes:

a) Por retraso en máis de 1 mes na recollida dos vehículos polo contratista.

b) Por non destinar a chatarra e respostos usados os vehículos que se allean.

2.- En caso de resolución por causa imputable ao contratista, este responderá dos danos e perxuízos que cause ao Concello, rexéndose polo demais polo previsto no artigo 1124 do Código civil. Cando conorra a primeira causa, estarase en primeiro lugar o réxime específico establecido na cláusula 15.2.1 deste prego.

Cláusula 19.- Réxime xurídico do contrato.-

O contrato que regula as presentes cláusulas ten natureza privada e rexerese, ademais dos presentes pregos, no que se retire a preparación e adxudicación, polo TRLCSP, LBRL, Lei de patrimonio das Administracións Públicas e normativa de desenvolvemento, Real decreto 781/86 e Regulamento de bens das Entidades locais e polo que se retire os efectos e extinción pola LPAP, RPAP e normativa de dereito privado.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da xunta de goberno local na sesión de data.....

Bueu, dede 2014

A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

ANEXO I.- DESCRIPCION DOS VEHÍCULOS OBXECTO DA POXA PÚBLICA

Vehículo	Matrícula	Documentación (permiso de circulación)	Destino	Valoración (euros)	Ubicación	Observ.
Barredora	E-9578-BBS	Non consta	Chatarra	450	Nave industrial	Non consta baixa na D.X.Tráfico
Citroen Berlingo 1.9D COMBI SX	PO-1105-BK	Non consta orixinal	Chatarra	200	Nave industrial	Solicitada baixa na D.X. Tráfico (RE11.03.14)
Suzuki Vitara 2.0	1104 BMJ	Non consta orixinal	Chatarra	300	Nave industrial	Solicitada baixa na D.X. Tráfico (RE11.03.14)
Jeep Cherokee	V-6614-FK	Non consta orixinal	Chatarra	400	Talleres DARBO	Solicitada baixa na D.X. Tráfico (RE11.03.14)
Seat Inca 1.9.D	PO-3503-BF	Consta orixinal	Chatarra	200	Talleres SEAT Crtra. Xeral (Bueu)	Non consta baixa na D.X.Tráfico
Ducati 250 cc Strada	PO 1606 N	Non consta orixinal	Chatarra	80	Caseta de Mariñeiros municipal, no Porto de Bueu	Non consta baixa na D.X.Tráfico
Nissan Terrano	PO 5807 BB	Non consta orixinal	Chatarra	450	Nave industrial	Non consta baixa na D.X.Tráfico